

INFORME XABARÍN

Análise do contido das plataformas
audiovisuais entorno á lingua galega



RELACIÓN DE CANLES INFANTÍS DISPOÑÍBEIS NAS PRINCIPAIS OPERADORAS

A exclusión do galego na oferta das principais operadoras é debida a que a TVG, como principal produtora de contido audiovisual en galego, non dispón dunha canle de emisión de contido infantil e xuvenil.

movistar+

MOVISTAR+

Castelán:

- Disney +
- Baby TV
- Disney Junior
- Canal panda
- Nickelodeon
- Dreamworks
- Disney Channel
- Boing
- Clan TV

Éuscaro:

- Hiru3

Catalán:

- Super3: Catalán

Galego:

- Non existe



Vodafone TV

VODAFONE TV

Castelán:

- Nickelodeon
- Disney Channel
- Clan TV
- Boing
- Disney Jr
- Nick Jr
- Canal panda
- BabyTv

Catalán:

- Super 3

Éuscaro:

- Hiru 3

Galego:

- Non existe



ORANGE TV

Castelán:

- Dreamworks
- Disney JR
- Nick Jr
- Boing
- Nickelodeon
- Disney Channel
- Clan TV
- Canal Panda
- Lolly Kids

Francés:

- Gulli

Galego:

- Non existe



teléfono_internet_televisión

R

Castelán:

- Disney Jr
- Nick Jr
- Nickelodeon
- Lollykids
- Disney Channel
- Boing
- Clan

Galego:

- Non existe



ANÁLISE DA APLICACIÓN “XABARÍN TVG”

A aplicación coa que a TVG conta para a difusión do seu contido infantil e xuvenil está dispoñíbel para descarga gratuíta en dispositivos con sistema operativo iOS e Android.

Tamén é compatíbel co dispositivo de reprodución de contidos **AppleTV** mais non cos seus homónimos **Chromecast** e **FireTV** (dispositivos cos que se pode enviar o contido desde o teu móvil á túa tablet, computador ou televisor).

Ademáis está aplicación non está dispoñíbel para instalar nos Smartv, televisores de nova xeración.

ANÁLISE DA OFERTA Á CARTA DE RTVE E DAS SÚAS EMISIÓNS

rtve



Horas de emisión diarias da desconexión para Galiza de TVE, tendo en conta todas as súas canles, é dun total de

38 minutos

fronte ás 120h en castelán

Contidos que dispón á carta

0 series en galego
de 65 que hai na carta.

1 filme en galego
de 120 que hai na carta.

TÍTULOS DISPOÑÍBEIS NAS PRINCIPAIS PLATAFORMAS DE CONTIDO AUDIOVISUAL

Comparativa coa porcentaxe de títulos en versión orixinal en galego e dobrados.



NETFLIX

Un total de

4339 series

tan só 1 está en galego.

Netflix España dispón de lenxendaxe en español e inglés. Ademáis existen contidos lenxendados noutras linguas como o árabe, o español, o francés, o inglés e o rumano.



Dun total de

1342 series

tan só unha serie está en galego.

HBO España dispón de lexendaxe
en inglés e español.



Dun total de

4890 series

ningunha está en galego.

Amazon Prime Video dispón de contidos lexendados en alemán, danés, español, francés, hindi, inglés, italiano, neerlandés, noruego, polaco, portugués de Brasil, sueco, tamil, tégulu.



Dun total de

1757 series

ningunha está en galego.

Ningún dos contidos que se poden atopar en **Movistar+** están en lingua galega.



Dun total de

1257 series

ningunha está en galego.

Disney + dispón de lexendaxe en danés, neerlandés, inglés, inglés (EE.UU), español, español (Latinoamérica), francés, francés (canadense), italiano, noruego, portugués, suomi e sueco.

Tamén dispón de máis de 20 dos seus **títulos dobrados ao catalán.**

Dun total de

7984 series

tan só 22 están en galego.

A gran maioría de filmes do catálogo en liña de **Filmin** están dispoñibles en dúas versións: dobrada ao español e versión orixinal subtitulada en español.

Moitas delas están tamén dispoñíbeis en catalán.

Dun total de

5875 series

ningunha está en galego.

Aínda que a maioría dos títulos de **Rakuten TV** están dispoñibles tanto en castelán como en versión orixinal, ás veces poden non ter subtítulos ou telos só en español.

A 'INICIATIVA XABARÍN' SOLICITA QUE

O Parlamento de Galiza inste á Xunta de Galiza a tomar as medidas e accións precisas dentro das súas competencias para:

- Que a Corporación de Radio Televisión de Galiza aumente a oferta en galego destinada á infancia e mocidade a través dunha canle "Xabarín" **distribuída a través dos pacotes básicos das operadoras de televisión por fibra óptica, satélite, adsl e tecnoloxía móbil, con programación dirixida ao público infantil e xuvenil e dispoñíbel en todos os dispositivos e plataformas de contidos audiovisuais**, así como App actualizadas que contén ademais con programas e xogos co fin de garantir nesta canle en galego, a presenza de contidos atractivos, de éxito, actuais e pasados, así como contidos educativos e de produción galega.

- Reclamar do Goberno español que a Radio Televisión Española emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

- Instar ao Goberno español a **que a nova Lei do Audiovisual recoñeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescripcións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.**

- Así mesmo o Parlamento insta ao Goberno galego a chegar a acordos con outras administracións e empresas co fin de garantir a opción dobrada e lexendada ao galego en todas as plataformas dixitais de televisión, así como a impulsar as accións necesarias para a recepción mutua RTP - TVG en Galiza e Portugal segundo o contemplado na Carta Europea de Linguas Rexionais ou Minoritarias.

A MESA POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA